



MEMORIA DO PROXECTO DOS PODCAST DE RADIO DO CPI P. VIRXE DO MONTE DE COSPEITO.

1. CONTEXTO

Durante este curso escolar estamos facendo un PFPP de radio, onde o profesorado e o alumnado recibiu formación sobre a radio, ademáis este ano concedéronnos o programa RADIO NA BIBLIO polo que estamos moi motivados a elaborar programas radiofónicos, foi polo que cando vimos o concurso de podcast escolares, decidimos poñer en práctica o aprendido durante estes meses e así conmemorar o Día das Letras Galegas dun xeito diferente.

Imos traballar con diferentes idades permitíndonos así facer diferentes cousas en función da idade. Este ano as homenaxeadas son “As cantareiras”.

As propostas unha vez que nos xuntamos, decidimos que sería unha en Infantil e outra na ESO.

- En Infantil, (3,4,5 anos) aproveitando que unha maioría recibe clases de pandereta, decidimos inventar uns versos, darlles ritmo e despois cantalos na radio.
- Na ESO traballaron a traxectoria biográfica das cantareiras homenaxeadas, e una vez traballadas as súas vidas, fixeron unha entrevista e cantaron unha cantiga tradicional.

A documentación e recursos sobre as autoras homenaxeadas foi ofrecida polo Equipo de biblioteca e Dinamización Lingüística.

Algúns dos libros empregados “Cantareas do Faro” de Miguel Anxo Romero e Leandro Lamas; “Cantarolas” de Anisia Miranda e Xosé Neira; “Sei Cantar e sei bailar” de Eva mejuto e Lucía Cobo; “Cantareiras” de Icía Varela e Xose Manuel...

2. PROCESO

Comezamos a experiencia nas aulas cunha búsqueda de información sobre a biografía das autoras homenaxeadas, que levamos a cabo co material escollido na biblioteca do centro, e visionado dalgúns vídeos.

Posteriormente cada nivel centrou as súas actividades no traballo encamiñado a facer o podcast.



2.1 PODCAST DA ESO

Título PROGRAMA CULTUGAL

Na ESO o traballo realizan o curso de 2º da ESO coa colaboración da profesora de Lingua Galega e de Música, xunto co equipo de biblioteca e dinamización lingüística.

Trala lectura de xeito individual da bibliografía das homenaxeadas deste ano, o obxectivo era divulgar aspectos destacados das cantareiras, facéndolles unha entrevista aos seus veciños...

Despois da lectura individual ponse en común todo o recollido da vida delas, e comézase a elaborar o guión do que é o máis importante das súas vidas para afondar nelo.

Ao alumnado déuselles un esquema de como ten que ser un programa de radio (presentación, tema, despedida)

Una vez feito o guión repartíronse os papeis para facer a gravación na radio, tendo en conta como é a expresión oral de cada alumno...

Agora tocaba inventar uns versos para poderlos cantar, aproveitamos das palabras que o alumnado nos foi decindo, e para o ritmo e música pedimos a colaboración da profesora de música da ESO, comezamos as grabacións na radio.

A montaxe de sons e de podcast foi a encargada de facelo a coordinadora do programa de RADIO NA BIBLIO.



GUIÓN E ESCALETA

·Presentación do programa:

Moi bo día a todas e a todos! Un saúdo para todos os oíntes de RADIO LAGOA. Benvidos ao programa CULTUGAL, emitindo dende o 65.2 da FM. No programa de hoxe falaremos das Cantareiras.

·Tema a tratar:

Este tema que imos tratar parécenos moi interesante, é actual e ademais vains axudar a coñecer, un pouco mellor, as cantareiras, esas mulleres que, dun xeito ou doutro, axudaron a dinamizar a nosa lingua. Ademais, recordade, que son as homenaxeadas este ano no Día das Letras Galegas, celebración para a que queda moi pouco tempo.

Para saber un pouco máis, acompañánnos hoxe no estudio Salustiano Maciñeiras e Amandina Fernández, veciños de Adolfina e Rosa Casás Rama, dúas das cantareiras homenaxeadas. Bos días aos dous.

·Preguntas sobre o tema:

a) Comezamos contigo, Amandina. Como coñeciches a Adolfina e a Rosa?

Ola, bos días. Nós eramos veciñas, porta con porta, e un día, tería eu seis ou sete anos, estaba eu cociñando e escoitei pola fiestra un son de pandeireta que me chamou a atención. Era Adolfina. Berreille, fun para a súa casa e ela aprendeume a tocar a pandeireta. Valíalle calquera cacharro que houbese...

· Claro, porque ás veces non había instrumentos, non?

Nós collíamos calquera trebello co que facer ruído: a tapa dunha pota, unha botella de anís, dúas cunchas...non se

b) Agora imos con Salustiano, gaiteiro afeccionado. Tiveches ocasión de tocar con elas?

Si, lembro un ano, nas festas da Vila da Igrexa, que nos xuntamos os veciños para cantar e tocar coplas e alí estaban elas. Eran moi divertidas e...

Calquera festa ou reunión á que as aí estaban as dúas.

c) Lembrades algunha anécdota que se poida contar na radio?

Fala ti, Salustiano.

Era polo San Xoán e Adolfina e a súa sobriña Rosa cantaban ao ritmo do gaiteiro que era eu e... ~~Naquela~~ decidíronse saltar as cachelas, as fogueiras, para espantaren os males, e cando ían saltar, tropezaron, caeron de cu e foron contra min. Eu perdín o equilibrio, a gaita saíu voando polos aires e foi parar ao río. Entón Rosa ~~dixo:~~ dixo: "Isto hai que aproveitalo, imos facer unha peza titulada ALÓ VAN!"


d) Ben, gustaríanos seguir coa entrevista, pero non temos tempo para máis. Están con nós no estudio os rapaces de Cospito que van entoar unas coplas como parte da homenaxe a estas mulleres. Cando queirades.

·Despedida:

Ata aquí o programa de hoxe. Damos as grazas aos colaboradores por compartir con nós estes minutos. Moitas grazas tamén a todos os oíntes por acompañarnos un día máis e a todas esas persoas que traballaron e traballan pola poesía e a música popular.

Un saúdo de ISMAEL GRANDÍO dende RADIO LAGOA.

Desfrutade do día e QUE VIVA A MÚSICA TRADICIONAL!





3.O RESULTADO

Como conclusión todo o profesorado que participou neste proxecto fixo como un aprendizaxe e posta en práctica do aprendido no PFPP, que se está desenvolvendo no centro, o traballo en equipo sempre é positivo e gratificante, ademáis traballar co alumnado das distintas etapas sobre unha mesma temática, polo que surxen cousas moi variadas.

Os podcast serán publicados para toda a comunidade educativa no blog da biblioteca e centro e no Instagram da biblioteca e do centro.

<http://bibliocpivirxedomonte.blogspot.com>

<https://www.instagram.com/bibliocpivirxedomonte/>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpivirxemontecospeito/>

<https://www.instagram.com/cpivirxedomonte/>